

CARTOGRAFÍA DA RÍA DE AROUSA. (I)

Por: Emilio Ferrer Jaureguizar

Plano de la ría de Arousa en el Reino de Galicia, situada por observación hecha en lo más S. y O. de la Ysla de Salbora en los 42°,29',29". Levantado por el Alférez de Navío 1er Piloto D. Antonio Alcalá. En el año 1791 y 1792.

Escala del 0.000. Varas del Pie de Burgos. Copiado por su Original en la Real Academia de Ferrol en 22 de Octubre de 1850. Como Ynterino Director: Antonio Alcalá Casano.

Nada sabemos do autor do plano, só que pertencía á Armada Española e sospeitamos que a persoa que o copia no 1850 pode ser o seu fillo ou un familiar. Pero a pesar de que nos falta esta información, pódese afirmar que estamos ante unha obra mestra da cartografía de finais do século XVIII.

Entre as fascinantes características deste Plano destacaremos en primeiro lugar que recolle 320 talasónimos de toda a Ría; numerados case perfectamente de Noroeste a Suroeste e case todos eles coinciden coa talasonimia actual, como se verá máis adiante. A talasonimia trata dos nomes que recibe o espazo da franxa intermareal, pero inclúe tamén as illas, illotes, pedras, etc. e ademais montes e lugares en terra que usan os mariñeiros para marcar (as marcas de pesca realízanse a partir da intersección de dúas enfilacións, N do A.), segundo escribe Xosé Lois Vilar Pedreira. Así, por exemplo, co número 1 figura o *Peñón de Noro*, co 2 a *Ysla Bionta*, etc. Tamén debemos destacar os numerosos obstáculos á navegación plasmados no Plano e todos eles coa súa conseguente numeración como, por exemplo, nº 5 *Punta Centoleira* (Aguíño), nº 6 *Pedra Vieyro* (Aguíño), *Punta del Castro* (Castiñeiras), etc. Así mesmo recolle baixos como *Minotero de Adentro* (hoxe Miñoteiros conº 37, na enseada de Coroso), illotes como *Yslote Suros* (hoxe Eiroas ou Airoas, conº 25 enfronte do *Arenal de Martín* nº 28 (hoxe Playa da Secada ou Area de Secada), laxas como *As Laxas* e a súa *Punta* (nº 288, hoxe As Laxas en San Vicente de O Grove, areas como o de *Mzloxo* (nº 277 en O Grove), parroquias como a de *Carreyra* (nº 10), accidentes xeográficos costeiros como *Con Negro* (nº 291, en San Vicente de O Grove), casonas como a *Torre de Junqueira* (nº 319, na Pobra do Caramiñal), capelas como a de *San Alberto* (nº 36, en Riveira), peiraos como o de *Palmeira* (nº 54), aldeas como *Tanjil* (hoxe Tanxil, nº 168, en Rianxo), torres como as *Torres del Oeste* (nº 179, Catoira), cruceiros como o *Crucero y Capilla de Santa Lucía* (nº 195, en Vilagarcía), vilas como *Cambados* (nº 235) ou *El Grove* (nº 266), ríos como o *Río de la Rumia* (hoxe Umia, nº 243) e outros ata un total de 320, como comentamos anteriormente.

En segundo lugar, temos outra característica fundamental para a navegación expresada en brazas e hoxe en día en metros. E tamén marcando a calidade do fondo mariño, *Fo* para fango, *Co* para cascallo, que é a superficie do fondo do mar cuberta de pedra miúda mesturadas con area, *A* ou *a* para area e *P* para pedra. Normalmente a sonda consistía nun peso atado cun cabo fino con nós cada certa medida (pés de Burgos neste caso: 0'278 metros) que se lanzaba pola borda e recollíase con présa contando os nós ou as marcas cada certo número de nós. Para saber a calidade do fondo usábase o escandallo (peso de forma cilíndrica duns 4 kg. de peso cunha argola no extremo que vai atado a un cabo denominado sondaleza e unha concavidade no outro extremo que se unta con sebo coa esperanza de que ao izalo traía restos do material que constitúe o fondo que se explora), a acción de usar o escandallo denomínase escandallar e é moi útil para reunir datos para saber onde se atopa un buque cando non ten outros medios e é de noite ou hai néboa.

En terceiro lugar, o que fai que este Plano posúa un carácter excepcional é o feito de que marca unha ruta cos rumbos a tomar e os cambios que teñen que realizar nos mesmos para chegar aos portos de A Pobra e Vilagarcía. Empeza esta ruta no punto A, aproximadamente 1/3 da distancia entre o extremo SE da Illa de Sálvora e a *Punta de Espino* (nº 292) na actual San Vicente do Mar. A partir de aí fixa un rumbo que enfía o Norte da *Illa da Rúa* (nº 41) con *Piedra Fuente* (nº



Escandalllos para volear

Lanzando la sonda

En el siglo XVIII, con el desarrollo de la cartografía, se adoptó la técnica de volear el escandallo para obtener sondas mientras se navegaba a vela. El procedimiento consistía en dar vueltas al escandallo en el aire, alrededor de la mano que tiene asida la sondaleza, para que tome vuelo y, al despedirlo, vaya más lejos en la dirección de la marcha de la embarcación, de forma que llegue al fondo antes o cuando esté en la vertical del sondador. Este método obligó a que el escandallo tuviese una forma troncocónica o troncopiramidal alargada, muy diferente de la de "campana" romana.


Imaxe do Blog da Cátedra de Historia Naval e Patrimonio

65) na punta Leste da Praia de Cabío. Continúa este rumbo ata chegar á intersección coa enfilación do *Yslote Suros* (nº 25) co *Monte del Castro* (nº 320, actualmente Monte da Cidade, de 204 metros de altitude).

A este punto o Plano sinalíza coa letra **B**, e a partir de aquí cambia o rumbo ata o punto **C** que se sitúa na intersección coa enfilación de *Piedra Seca* (nº 314) co punto máis ao Sur do Illote Areoso, onde volve a cambiar de rumbo para enfiar o *Vixía de Anado*¹ (nº 316, actualmente Monte Agudo con 70 metros de altitude e situado en Cabo de Cruz) ata chegar ao punto **D** que no Plano sitúase na intersección coa enfilación do extremo Norte da Illa de Arousa coa *Yglesia de Villanueva* (nº 212), onde a ruta divídese en dous: Unha para entrar á enseada da Pobra e outra para entrar á enseada de Vilagarcía. A primeira levará en primeiro lugar ata o punto **E** que se sitúa na intersección da liña imaxinaria entre Punta Campelo na Illa de Arousa e a *Punta e Alto de la Merced* (nº 91, ao NL da A Pobra) coa enfilación anterior do Vixía de Anado, e dende aí diríxese ao punto **F**, onde cambiará outra vez de rumbo xa para dirixirse ao fondeadeiro sinalizado como punto G, este último tomando como referencia a enfilación de *Piedra Golfito* (nº 76) con *Yslote e Arrecife de Yngua* (nº 68). A outra ruta que se dirixe a Vilagarcía, parte do punto **D** ata a intersección coa enfilación de *Punta Peneyron* (nº 121, en Cabo de Cruz) con *Ysla Venencia* (nº 128) e denomínase punto **H** no Plano. Dende este punto continúa ata o punto **I** na intersección da enfilación de Vixía de Anado (xa visto anteriormente) con *Piedra Labarca* (nº 133) e dende aquí dirixirse ao punto **J** no fondeadoiro de Vilagarcía, onde se toman dúas enfilacións, unha da *Punta e Areal de Castelete* (nº 202) con *Monte Lobeira* (nº 317 e 293 metros de altitude) e outra con algún punto entre Vilagarcía (nº 196) e o *Río Vista Alegre* (nº 197)².

Sobre esta ruta reflectida no Plano, debo facer unha serie de consideracións que sen dúbida chamarán a atención do lector. Polo xeral as persoas que non están relacionadas co mundo da navegación a vela colixen que o mar se percorre coma en terra e ademais sen obstáculos, se estes non se ven. Descoñecen, polo tanto, as partes dun buque e a diferenza entre obra viva e obra morta; sendo a primeira a parte do buque situada por debaixo da liña de flotación, e a segunda a parte a parte situada por riba da mesma. Por conseguinte é necesario, para navegar, coñecer o calado dun buque para non tocar en ningún accidente xeográfico somerxido con trágicas consecuencias para buque e tripulación. De aí a importancia do coñecemento da profundidade proporcionada pola sonda. Por outra parte, os buques de vela non poden navegar en liña recta dun punto a outro agás en contadísimas ocasións en que por fortuna sopren ventos adecuados. Aínda agora os veleiros só poden navegar en contra do vento **cinguindo**, isto é navegando en zigzag. E antigamente, cando se realizou o mapa, os buques existentes nesa época tiñan dificultade para cinguir, porque navegaban polo xeral con ventos portantes. De feito en encalmadas era corrente entrar e saír dos portos e fondeadoiros baixando a chalupa e tomando o remo por parte da tripulación. De aí o imprescindible que era o coñecemento das enfilacións para poder situarse na Ría, cousa imposible de noite (os primeiros faros e sinais da Ría son de mediados do século XIX, ou en cerrazón de néboa ou chuvia – Véxanse artigos anteriores-). De todas formas, a ruta marcada no Plano correspóndese exactamente coa que se sigue actualmente polos buques de grandes dimensións que sucán a Ría hoxe en día. Por exemplo, o día que escribo estas liñas está amarrado en Vilagarcía o buque “Marielysi” cunha eslora de 158 metros e unha manga de 24 metros que sucúa a Ría con frecuencia (un par de veces ao mes) e faíno por esa mesma ruta.

Noutra orde de cousas, é hora de fixarnos nos talasónimos costeiros de O Grove reflectidos no mapa de 1791-92. Como se comentou ao principio do traballo, a numeración de accidentes costeiros segue case sempre o percorrido das agullas do reloxo de NO a SL da Ría. De maneira que a partir de *Salinas Rey* (nº 256) ata a *Torre de la Lanzada* (nº 300) todos os talasónimos corresponden ao municipio de O Grove.



¹ Probablemente neste lugar existía unha pequena edificación onde habería un posto de observación dalgún tipo de autoridade.

² No Plano aparece unha especie de espigón cunha construción como referencia. Estráñame que non tome como referencia o Pazo de Vista Alegre construído a mediados do século XVI e polo tanto ben visible cando se realizou o Plano.

257. *Pedernales*. Curiosamente onde hoxe atópase San Vicente de O Grove.
258. *Ensenada de Gaboteira*.
259. *Punta de Lorana*.
260. *Punta de salinas*.
261. *Ardia*.
262. *Punta de La Graña*.
263. *Punta de la Ría*.
264. *Punta del Confin*.
265. *Ysla de Louxo*.
266. *Villa del Grove*.
267. *Punta de Corvo*.
268. *Saco de Lordelo*.
269. *Punta de Canto Dorgo*.
270. *Costa de Rons*.
271. *Rons*.
272. *Yslote de Rons*.
273. *Arenal de Gata*.
274. *Punta de Frigón*.
275. *Punta de Meloxo*.
276. *Baxo Casogras*.
277. *Arenal de Meloxo*.
278. *Arroyo de Esteyro*.
279. *Punta de Reboredo*.
280. *Coido*.
281. *Piedras Salvares*.
282. *Punta de Arenal Grande*. Hoxe Area Grande.
283. *Punta de Barcelina*. Hoxe Barceliña.
284. *Sinal de Barcelina*.
285. *Punta del Atrio*. Refírese con certeza á punta existente ao L das ruínas de Adro Vello.
286. *Arenal de san Vicente*. Refírese á Praia do Carreiro.
287. *Yglesia de San Vicente*.
288. *Las Laxas y su Punta*. Hoxe Laxes.
289. *Punta de San Vicente y los Ponveiros*. Hoxe Pombeiros.
290. *Punta y Arenal de Castiñeiras*. Seguramente o que hoxe coñecemos por Punta Castriño.
291. *Connegro*.
292. *Punta de Espino*.
293. *Arenal de Canelas en San Vicente*.
294. *Punta y Arenal de Paxareiras*.
295. *Arenal del Raeiro*.
296. *Baxo Aguireira*.
297. *Punta y Arenal de La Lanzada*.
298. *Yslote Colonado*.
299. *Baxo Coreana*.
300. *Torre de La Lanzada*.

Como final deste artigo non quero deixar de comentar que este Plano e outros atópanse dispoñibles na *Biblioteca Digital Hispánica*, para aqueles que queiran visualizalos algo mellor que o que podemos proporcionar neste artigo.